

Estimadas compañeiras, estimados compañeiros:

Comucámosvos que o próximo día 18 mércores reúnese o Parlamento galego nunha sesión en que todos os grupos parlamentarios definirán a súa posición respecto a Proposición Non de Lei que presentamos en favor da filosofía no ensino. Todo un conxunto de asociacións (Seminario de Vigo, Nexos, Aula Castelao y Doxa) e profesorado estivemos na base deste proxecto. A proposición foi asinada por máis de oito mil persoas nunha curta campaña feita practicamente en verán. Moveuse todo o que se puido aos medios de comunicación (televisión, radio, periódicos gráficos e dixitais), e se fixounha grande actividade nas redes sociais. Ao final o resultado é extraordinariamente positivo. Esperamos que todos os partidos a apoiem. O PP finalmente inclinouse a dar o seu respaldo.

Creemos que isto representará un fito sobresaínte polo que supón de recoñecemento da relevancia da filosofía na educación e polo impacto na opinión pública. Todos e todas estamos invitados a acudir, Institutos e Universidade. Son moitas as persoas que van a acudir para remarcar coa súa presenza a importancia desta votación e amosar o seu apoio á proposta. Quixéramos encargarnos a nosa chamada para que todas e todos, profesorado e alumnado, vos sumarades e así significar que a filosofía non se resigna ao seu progresivo apartamento e que fronte as forzas que tal pretenden estades disposto a afirmar un poderoso “Filosofía Si”.

Podedes seguir o debate en directo ás 11:15 o mércores 18 de outubro na web do Parlamento: <http://www.es.parlamentodegalicia.es/sitios/web/default.aspx>

Nome da comisión promotora:

Jorge Álvarez, Carme Adán, Eva Garea